



## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CARRAL

*Concurso de Entroido 2024*

### ANUNCIO

#### CONCURSO DE ENTROIDO 2024

Por resolución dictada en data 26 de xaneiro de 2024, Decreto nº 18/2024, o Sr. Alcalde resolveu:

PRIMEIRO - Advocar singularmente neste caso, para poder aprobar e publicar as bases en prazo, atribución delegada na Xunta de Goberno Local mediante o meu decreto 315/2019, do 18 de xullo de 2019.

SEGUNDO.- Aprobar as bases polas que se rexerá o Concurso de Entroido 2024 do Concello de Carral e que figuran como Anexo I destas resolución modificadas en relación coas propostas para garantir cumprimento da normativa de protección de datos.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto por un importe máximo de 2.475 euros, correspondente aos premios que se outorgarán no devandito concurso.

CUARTO - Continuar o procedemento segundo o indicado nas bases, mediante a publicación da convocatoria do concurso polos medios indicados naquelas sendo necesaria publicación no BOP

QUINTO.- A Intervención do Concello, en aplicación do establecido nos artigos 2.1.a), 3.1.c), 4 e 10.1.par 2º do Real Decreto 130/2019, do 08 de marzo, polo que se regula a base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas, haberá de comunicar a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións para a publicación do extracto da convocatoria, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) LXS. O prazo de presentación de solicitudes estará aberto dende a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP), até o 9/"/2024.

### ANEXO 1

#### BASES DO CONCURSO DE DISFRACES DE ENTROIDO EN CARRAL 2024

O Concello de Carral celebrará o Entroido no Complexo Deportivo e Cultural de Paleo o domingo 11 de febreiro de 2024. Ás 17:30 h. comezará o desfile de todas e todos os participantes nos diferentes concursos, partindo da Rúa Víctor Velasco e rematando no Complexo Deportivo e Cultural de Paleo (Rúa Víctor Velasco, Rúa Manuel Ferrol, Rúa Paraíso, Avenida dos Mártires, Rúa Victor Velasco, Rúa Belvís de Paleo e Rúa de Paleo).

A finalidade deste concurso é estimular e fomentar a participación veciñal nunha festa popular e tradicional como o Entroido.

#### 1. MODALIDADE DE DISFRACES:

1.1. Haberá catro modalidades: INFANTIL (de 0 a 11 anos), INDIVIDUAL ou PARELLA (a partir de 12 anos), GRUPOS (máis de 5 integrantes) e CARROZAS (máis de 10 integrantes):

- CONCURSO INFANTIL DE DISFRACES
  - Dirixido a nenos e nenas de 0 a 11 anos de idade.
  - Haberá unha categoría única (disfraces individual ou parella).
  - Premiarase a orixinalidade, simpatía, vestiario e maquillaxe.
  - Os participantes deberán participar no desfile e posteriormente pasarán polo escenario para seren valorados polo xurado.
  - Premiaranse os cinco mellores disfraces con premios consistentes en agasallos.

- CONCURSO DE DISFRACES INDIVIDUAIS OU PARELLAS
  - Dirixido a maiores de 12 anos de idade.
  - Haberá unha categoría única (disfraces individual ou parella).
  - Premiarase a orixinalidade, simpatía, vestiario e maquillaxe.
  - Os participantes deberán participar no desfile e posteriormente pasarán polo escenario para seren valorados polo xurado.
  
- CONCURSO DE DISFRACES DE GRUPOS

Dirixido a grupos de calquera idade, formados por un mínimo de 5 persoas.

Haberá unha categoría única.

Premiarase a orixinalidade, simpatía, vestiario e maquillaxe.

O representante do grupo debe ser maior de idade e non é obrigatorio que desfile co mesmo.
  
- CONCURSO DE DISFRACES CON CARROZAS

Dirixido a grupos de calquera idade, formados por un mínimo de 10 persoas que desfilen enriba ou acompañando unha carroza.

Premiarase a orixinalidade, simpatía, vestiario e maquillaxe.

O representante do grupo debe ser maior de idade e non é obrigatorio que desfile co mesmo.

## 2. PUBLICIDADE E PRAZO DE INSCRICIÓN:

2.1. Unha vez aprobadas as presentes bases e a convocatoria, serán obxecto de publicación íntegra no «Boletín Oficial» da provincia da Coruña, publicándose extracto da convocatoria no «Boletín Oficial» da provincia da Coruña por conduto da Base Nacional de Datos de Subvencións.

2.2. O período de inscrición contará desde o día seguinte ao da publicación do Extracto da convocatoria no BOP por medio da Base de Datos Nacional de Subvencións segundo establece o artigo 20 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, do que se dará conta na páxina web do concello de Carral ([www.carral.es](http://www.carral.es)) e rematará **ás 12.00 h do venres 9 de febreiro de 2024**.

2.3. A inscrición formalizarase mediante a presentación da solicitude pola Sede Electrónica do Concello de Carral <https://sede.carral.es>, na Casa da Cultura (en horario de 09:00 a 14:30 e de 17:00 a 20:00 h.), ben de xeito presencial ou por correo electrónico ([casadacultura@carral.es](mailto:casadacultura@carral.es)). No caso das solicitudes enviadas por correo electrónico, deberán presentarse asinadas electronicamente. Os datos que se indicarán na inscrición serán os seguintes:

### 2.3.1. Concurso infantil de disfraces:

Nome e apelidos de quen participa, nome do disfrace, data de nacemento, e datos do pai, nai ou titor (nome, apelidos, DNI, teléfono e correo electrónico).

### 2.3.2. Concurso de disfraces individuais e por parellas:

Nome, apelidos e DNI de quen participa, nome do disfrace, data de nacemento, teléfono e correo electrónico. No caso das parellas, inscribíranse cos datos dun dos participantes.

### 2.3.3. Concurso de disfraces de Grupos:

Nome do grupo, nome, apelidos, DNI, teléfono e correo electrónico de quen a representa e teléfono doutro membro do grupo.

### 2.3.4. Concurso de disfraces de Carrozas:

Nome do grupo, nome, apelidos, DNI, teléfono e correo electrónico de quen a representa e teléfono doutro membro do grupo. No caso de contar con carroza, deberá indicar as características básicas: medidas, se está motorizada, se é un remolque arrastrado por vehículo a motor...

**3. PREMIOS:**

3.1. Os premios a outorgar serán os seguintes:

PREMIOS				
	CONCURSO INFANTIL (0-11 anos)			CARROZAS (+ de 10 integrantes)
		INDIVIDUAL OU PARELLA (12 anos ou máis)	GRUPOS (+ de 5 integrantes)	
1º	*	150 €	300 €	499 €
2º	*	100 €	200 €	400 €
3º	*	75 €	100 €	300 €
4º	*	50 €		200 €
5º	*			100 €

\* No concurso infantil premiaranse con agasallos os 5 mellores disfraces.

3.2. O xurado poderá declarar deserto calquera dos premios.

3.3. No mesmo acto e publicamente darase a coñecer a decisión do xurado e entregárase un xustificante do premio.

**4. PAGO DOS PREMIOS:**

4.1. O pagamento dos premios/gratificacións realizarase mediante transferencia bancaria. Aplicaranse as retencións fiscais oportunas, segundo a lexislación vixente, ao titular da conta bancaria asociada ao premio.

4.2. Para o pago dos premios e/ou gratificacións é necesaria a presentación no Rexistro ou a través da Sede Electrónica do Concello de Carral a seguinte documentación:

- Ficha do formulario de datos fiscais debidamente cumprimentada.
- Fotocopia do NIF do premiado, ou do seu representante legal, no seu caso, e a de dous representantes no suposto de grupo.
- No caso das asociacións deberán aportar o CIF e certificado do num. IBAN da conta bancaria da propia asociación.
- Nos demais casos, certificado da conta bancaria asociada ao premio/gratificación, na que conste o titular da conta, ben do premiado, do seu representante legal ou dun dos dous representantes no suposto de grupo.

4.3. A presentación desta documentación implica a autorización ao Concello para obter datos sobre o cumprimento das súas obrigas tributarias. Con carácter previo ao pagamento, comprobarase de oficio que os premiados están ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, co Concello de Carral e coa Seguridade Social. De incumprirse esta condición non se poderá recibir o premio.

4.4. A data límite para entregar a documentación é o 10 de marzo de 2024. A non presentación da documentación en prazo ocasionará a perda do dereito á percepción do premio e/ou gratificación.

4.5. Coa transferencia entenderase aboado o premio correspondente.

**5. XURADO.**

5.1. O xurado estará composto por tres persoas invitadas, con coñecemento no ámbito, presidido polo concelleiro da Área de Cultura ou pola persoa na que delegue, con voz pero sen voto, e actuará como secretario/a un/unha empregado/a municipal do Concello de Carral.

5.2. A participación no concurso do Entroido 2024 en Carral implica o coñecemento e aceptación destas bases. Calquera circunstancia non prevista será resolta pola organización ou o xurado, segundo corresponda, sendo a súa decisión inapelable.

**6. CRITERIOS DO XURADO.**

6.1. O xurado valorará os seguintes aspectos:

- A orixinalidade na elaboración dos disfraces.
- A simpatía na posta en escena e na interacción co público.
- O vestiario na confección dos disfraces.
- A maquillaxe utilizada como complemento ao disface.

6.2. O xurado outorgará un só premio por agrupación, aínda que participen en varias modalidades.“

#### 7. ASPECTOS XERAIS:

7.1. A organización establecerá a orde no desfile de todos os participantes. As decisións tomaranse atendendo a criterios de seguridade.

7.2. A organización poderá descualificar aquelas propostas que se consideren vexatorias, especialmente para as minorías étnicas, as persoas con discapacidade, etc.

7.3. O Concello de Carral resérvase a potestade de fotografar ou gravar aos participantes, así como a utilización das imaxes para promoción e difusión do evento.

7.4. O Concello de Carral informará a través da súa web e da súa páxina de Facebook, das novidades no programa do Entroido, así como de calquera incidencia ou novidade de interese.

7.5. A avaliación e valoracións do xurado serán durante o desfile. Para o desfile organizaranse os participantes por categorías. Ao remate do desfile reunirse o xurado para a súa deliberación e posteriormente, notificaranse todos os premiados.

7.6. Protección de datos: En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UW2016/676 do Parlamento Europeo do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación deste datos, infórmase aos interesados dos seguinte: os datos persoais serán incluídos nun ficheiro xestionado polo Concello de Carral O representante da agrupación poderá exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición recoñecidos na Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais mediante correo electrónico dpo@carral.es.

7.7. A concesión dos premios rexerese polo establecido nesta convocatoria e no non previsto estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e as súas disposicións de desenvolvemento, as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Carral e demais normativas estatais ou autonómicas que resulten de aplicación. O que se fai público para xeral coñecemento.

Concello de Carral, 25 de xaneiro de 2024

O Alcalde,

Francisco Javier Gestal Pose

2024/631